



BATÁN DE FOLGOSO (Rego do Casal)

Adela Leiro, Mon Daportá



Distancia: 6 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Unha camiñada para percorrer un tramo do rego do Casal, un rego de montaña que recolle augas da serra da Carba para levalas ao Eume. No tramo da ruta, un estreito val no que predomina a cobertura de carballos, o rego descende uns 130 m e coas súas augas facía funcionar varios muíños, unha pequena central eléctrica e un batán. Ao longo da camiñada podemos ver varios rápidos e pequenas fervenzas que animan o percorrido e fan o traxecto máis entretido.



PERCORRIDO

Para chegar á saída da ruta collemos, en Roupar, a estrada a Lousada e alí, no centro do lugar, ún desvío á esquerda que sube ao cemiterio e mesmo no arranque deste desvío xa temos, á dereita, un indicador da ruta que nos leva ao lugar de Folgoso. Antes de entrar no lugar, xusto onde se cruza o río atopamos un panel coa ruta e os indicadores para seguila a un e outro lado da estrada. Nós comezamos a ruta cara abaixo do río, o tramo máis longo, no que se atopan os rápidos e os pequenos saltos ata chegar á ponte de Samil en Muras, unha vella ponte de madeira sobre o Eume, pola que os veciños da parroquia de Irixoa cruzan o río para subir aos prados do Curral de Buriz. A volta faise polo mesmo carreiro que a ida. De volta na estrada fixemos a parte de arriba do río e seguindo os indicadores, que nuns tramos difíciles nos apartan do rego, para termos que cruzalo logo e volver a deixalo para subir ata onde se atopa o batán. Un pouco máis adiante do batán, na parte de arriba da canle que o alimentaba, hai varios vellos carballos ancorados no noiro entre os que destaca un duns 5 m de perímetro. Se neste punto damos por rematada a ruta volvemos atrás, ao camiño, desvíamonos á dereita, cara ás casas, e baixamos pola estrada atoparemos á dereita unha casa, a casa da Quinta, que ten no beiral da eira, entre os loureiros reais, un acivro de máis de 3 m de perímetro e xusto en fronte da casa, á esquerda da estrada, atópase un carballo de máis de 5 m de perímetro. Uns 200 m máis abaixo chegamos ao río e rematamos o percorrido.

Ao longo do percorrido, sobre todo augas arriba da estrada, hai que pasar varios cerramentos para o gando que teremos que abrir e ter o coidado de volver a pechar.



Interior do batán



Batán e muiño



Acivro (3,25 m de perímetro) na Casa da Quinta, en Folgoso.



Carballo en Folgoso (5,53 m de perímetro).



Carballo a carón da canle que subministra auga ao batán de Folgoso (5 m de perímetro).



Ponte do Samil, sobre o Eume, a carón da unión co rego do Casal.